

# BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DAS NEVES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

## EXERCICIO 2024

### Primeira. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades deportivas sen fins de lucro e os deportistas individuais do Concello As Neves, que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, co obxecto de fomentar o deporte e a práctica deportiva, para a participación en competicións oficiais e o desenvolvemento de actividades deportivas que se realicen ou fosen realizadas durante o período comprendido dende o 16 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 (ambos inclusive).

1. Os gastos subvencionables serán os seguintes:

- Gastos federativos correspondentes á tempada (licencias federativas, canons federativos, inscrición en competicións).
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos de transporte e aloxamento relacionados coa asistencia a competicións deportivas.
- Gastos de mutualidades e seguros.
- Gastos de material deportivo de carácter funxible (material didáctico deportivo ou pequeno material).
- Gastos de material deportivo inventariable.
- Gastos de equipamento e vestimenta deportiva.
- Gastos de adestramentos.

2. Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Adquisición, reparación ou mantemento de bens de inmovilizado.
- Consumo eléctrico, consumo telefónico e similares.
- Os saldos debedores das contas bancarias.
- Gastos derivados de comidas e similares.
- Os impostos, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- Asociacións que reciban subvencións nominativas (que teñan formalizado Convenio).
- Asociacións que concorran a outras subvencións do Concello por actividades enmarcadas en



algunha das áreas de actuación da presente convocatoria, durante o período subvencionado.

3. Os solicitantes deberán declarar todas as subvencións que teñan obtido ou solicitado para o 2023 e 2024.
4. A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados coas **actividades deportivas concretas e individualizadas** no período indicado e que se definen na Base Primeira, punto 1.

## Segunda. Beneficiarios

No caso de entidades deportivas, poderán ser beneficiarias da subvención os clubs e entidades federadas que participen regularmente en competicións oficiais organizadas polas respectivas federacións deportivas.

No caso de deportistas individuais, poderán ser beneficiarios da subvención os deportistas do Concello As Neves recoñecidos a nivel galego, estatal ou internacional.

## Terceira. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios

- 3.1 Os solicitantes, para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou renuncia por escrito as xustificacións pendentes.
- 3.2 No caso de entidades deportivas, poderán solicitar subvención á presente convocatoria as entidades e clubs federados que teñan o seu enderezo social no Concello As Neves, estean inscritos no rexistro de entidades sen ánimo de lucro propio do Concello das Neves, teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa, que cumpran os seguintes requisitos:
  - Estar ao corrente con AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello As Neves.
  - Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.
  - Quedan excluídos desta convocatoria os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais e os clubs que por calquera causa non xustificada se retiraran da competición oficial durante o 2024.

- 3.3 No caso de deportistas individuais os/as solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:



- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello das Neves.
- Ter nacionalidade española.
- Estar empadroado no Concello das Neves na data de aprobación destas bases e con anterioridade polo menos de 1 ano.
- Ter participado en campionatos a nivel galego, nacional ou internacional no ano en curso.
- Ter participado e acadado un posto de relevancia en calquera competición de carácter oficial con recoñecido prestixio a nivel galego, estatal e internacional.
- Estar en posesión da correspondente licenza federativa, na data de solicitude da presente convocatoria.

#### **Cuarta. Financiamento da convocatoria**

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria nº 341.48 do exercicio orzamentario do ano 2024 que conta con un orzamento total de 3.000,00 €.

#### **Quinta. Contía e límites**

A axuda máxima por asociación beneficiaria que concederá o Concello será de 1.500 €, que en ningún caso poderá exceder o 80 % do orzamento total do proxecto presentado.

#### **Sexta. Solicitude e documentación a achegar**

As entidades deportivas, clubs federados e deportistas individuais que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria, deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formulario 1: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- Formulario 2 (só para entidades deportivas): Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de persoas socias.
- Memoria que describa a actividade ou actividades para as que se solicita a subvención, debendo incluír a máxima información posible para poder avaliar a solicitude pola Comisión Técnica, así como estar indicado en tódala publicidade que o Concello e colaborador de ditas actividades, de acordo cos criterios de avaliación recollidos na base 13 da Convocatoria.

#### **Sétima. Lugar e prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes é de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO ) Esta convocatoria publicárase na páxina web do Concello.



A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Sede Electrónica do Concello, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal>

### **Oitava. Emenda da solicitude**

Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, considerarase desistida, de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC.

### **Novena. Comisión técnica de avaliación**

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcalde do Concello As Neves, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Concelleiro de Vías e Obras, alumado, Saneamento e innovación, Concelleira de Servizos Sociais, Voluntariado e Deportes, Concelleira de Marketing e Comunicación, Turismo, comercio e parques e xardíns, e Técnica de emprego e desenvolvemento local ou persoa que a substitúa.

### **Décima. Criterios de avaliación**

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación valorará cun máximo de 70 puntos, tendo en conta a seguinte rubrica de valoración:

1. Representatividade dos solicitantes no Concello, atendendo o número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con outras entidades. (Ata 15 puntos)
2. Grao de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais. (Ata 10 puntos)
3. Número de posibles beneficiarios directos ou indirectos. (Ata 10 puntos)
4. Número de actividades ou eventos deportivas nos que participen ao longo do período subvencionable. (Ata 15 puntos)
5. Carácter periódico ou permanente das actividades desenvolvidas, tendo en conta os actos puntuais que animan a participación social mediante actividades deportivas. (Ata 10 puntos)



6. Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación da entidade. (Ata 10 puntos)

### **Décimo primeira. Resolución e avaliación das propostas**

A Comisión Técnica analizará e avaliará as propostas tendo en conta os criterios de avaliación que figuran no artigo 10 das presentes bases.

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

En todo caso se procederá a ditar resolución de outorgamento da subvención no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

### **Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos**

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinalos fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

### **Décimo terceira. Obrigas dos beneficiarios**

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Empregar o distintivo do Concello As Neves en tódalas actividades e comunicacións que promovan (publicacións, carteis, rótulos, etc.).



- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.
- Colaborar na organización de calquera actividade deportiva ou cultural que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes.
- No caso de facer uso de instalacións municipais, correcto mantemento das mesmas, así como deixalas no mesmo estado que se recibiron.

#### **Décimo cuarta. Forma e prazo de pagamento da subvención**

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado, previa presentación dos formularios 3 e 4, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar será superior ao 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente pola Xunta de Goberno Local e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios 3 e 4.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (transferencias bancarias).
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, provedor, CIF, concepto, importe e data de pago.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.
- Memoria detallada das actividades realizadas, obxecto da subvención.
- Memoria detallada de tódalas actividades levadas a cabo.

#### **Décimo quinta. Prazo de xustificación da subvención**

O prazo de xustificación dos gastos subvencionables de acordo co establecido na base décimo cuarta das presentes bases, será ata o 15 de novembro de 2024.

#### **Décimo sexta. Reintegro de subvencións**

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.



- Ó incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### **Décimo sétima. Réxime xurídico aplicable**

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O Alcalde, Jose Manuel Alfonso González

(data e sinatura dixital á marxe)

